

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

MESA REDONDA DE POETAS

Teñen un sexo as segredas leis do ritmo?

Esta foi a pregunta coa que se iniciou a táboa de poesía de mulleres poetas que tivo lugar o luns día 9 de Maio, durante o festival Barcelona Poesía 2005, no Instituto d'Humanitats de Barcelona / CCCB. Nel participou por parte galega a escritora e xornalista Ana Romaní. Por **Olga Airas**.

- 07:49 17/05/2005

A mesa contou coa colaboración de catro poetas de diversa orixe e de moi diferente escrita: a catalana, Josefa Contijoch, Neus Anglada, poeta en castelán nacida en Arxentina pero radicada desde pequena en Cataluña, a valenciana Júlia Zabala e a galega, [Ana Romaní](#). Pouco antes do certame, cada unha delas recibiu unha segunda pregunta dun dos presentadores do acto, Helena González e Francesco Ardolino, profesores da Universitat de Barcelona. Esta segunda cuestión encamiñou ás poetas a falar da súa propia poesía, das súas inquietudes, dos seus diferentes estilos de escritura, dos métodos e das inspiracións nos que se baseaban para atopar o ritmo da súa obra. As propias poetas reforzaron os seus argumentos coa lectura dalgún dos seus poemas, nalgúns casos inéditos.

A mesa converteuse, entón, durante uns anacos, nun pequeno recital de poesía que axudou a que o público recordase e, en máis dun caso, descubrixe, a obra destas poetas. Como non podía ser doutro xeito as diferenzas de estilo, ritmo e opinión saltaron á vista deixando moi patente a diversidade que o lector pode atopar na literatura escrita por mulleres. Pero este feito non é un dos trazos específicos desta "sección" literaria, senón que é unha característica da Literatura (escrita con maiúsculas). Entón, ¿pódese diferenciar dalgún xeito a literatura escrita por mulleres?

Tal e como espuxo Ana Romaní na súa intervención, as mulleres escriben hoxe porque outras loitaron noutro momento: viviron nun patriarcado pechado do que se tiveron que rebelar para poder escribir; tiveron que loitar para publicar e ás veces, mesmo na actualidade, parece que teñan que agradecerlle a alguén que se lles permita sacar as súas obras á luz. Aínda hoxe, existen moitos lugares onde os dereitos e as liberdades das mulleres seguen estando moi por debaixo dos dos homes. Esta loita pola igualdade, para conseguir traballar e vivir nas mesmas condicións cós seus coetáneos masculinos, é algo que si queda patente en moitas das obras da escrita feminina aínda que, loxicamente, existen tantas maneiras de expresalo como mulleres hai na terra.